

*Á Rosa Catarina*

I.-

Volvo ó punto de andar coma quen chora  
a borra dunha amnesia sen perigo.  
Volvo ó eido de ver para o embigo  
desta insolvencia propia, redentora.

Corpo quedo de andar de porta a fóra  
da ocupación de min que non persigo,  
son eu mesma a que ve de moi antigo  
que a vida runfa cando aquí se encora.

Estou no punto morto onde quedo,  
na terra de ninguén desocupada  
de acordo cun caimento ben previsto.  
Por non vivir xa nin me queda o medo,  
e por non ser eu xa non penso nada,  
por iso, se non penso, nin existo.

II.-

Son a liña que nunca ten nin toma  
outro pulo que o corpo dunha errata.  
Son da antiga sintaxe que delata  
que o meu texto nin pousa nin agroma.

Son da tinta que vai para hematoma  
mentras reclamo a última postdata,  
*eo meu* ~~e o trazo meu, cando~~ <sup>se</sup> non morde, mata  
nun punto acó da irreversible coma.



Son un párrafo torpe e inconcluso  
cun papel derrubado por bastida,  
algún signo de senso ben confuso  
na sinatura dada a ser ferida.  
Pero esixo ese texto e o seu uso  
no paréntese que aínda chamo vida.

### III.-

Ben te coñezo néboa, non es miña  
como non é este caldo que fervella  
desandando do sangue na chavella  
desde acorado corpo cando aniña.

Ben sei da túa gadoupa e a túa espiña  
cando se chuza en min suxa e cernella  
onde máis doe, onde máis semella  
lúa minguante, vella socaliña.

Ben sei eu que o teu sangue sen resposta  
en desamores novos, sementados,  
é nesta escuridade o que proclamo.  
E sei que xa gañaches outra aposta  
ilexa de paixón nos soterrados  
eidos de arrepiar onde desamo.



IV.-

Principia na presenza dese gume,  
dese fío de folla que, esgazante,  
desde o imposible, preto, reclamante,  
chega e este si de lixo e certidume.

Houbo un non inconfeso polo estrume  
tan convicto e punible posto diante  
que puido ser un si polo ignorante  
e pan pola palabra e polo lume.



E brinca no maxín, incontrolable,  
o sino cheo e o gomo escaso  
na póla persoal, e a cada paso  
este mirrar morniño, irremediable,  
lóstrego que recorda insobornable  
a borrachenta cara do fracaso.

V.-

Serei migalla hoxe, mañán río  
asulagando as leiras onde era  
feto aganado, axionllada fera  
estripada cun gume prestadío.

Serei folerpa e logo serei fío  
pra ser puntada cando o que se espera  
de min sexa un fardelo no que enchera  
as mancheas da mágoa sen un chíó.



Mais nunca hei ser a besta que escorrente  
as grilladas da teima feita fouce  
horizontal na base da cabeza.  
E en pasando de hoxe, hei ser soamente  
dente, gadoupa, zafanada e couce  
chantada neste aquí, pra que me esqueza.

VI.-

Se ves falando soa a quen choraba,  
se volve a saloucar quen maldicia,  
se aquela que pregaba e insistía,  
esbagóase e cae onde teimaba,

non preguntes por que esa dor se daba,  
non lle pidas ó pranto outra fasquía,  
mira de fronte a quen máis se doía  
e has ver que es ti mesma a que aquí estaba.

Es ti a que renega e adocece  
arrincada da casa que se laia  
coma ti de quedar fóra da porta.  
E ela é quen renuncia e quen debece  
por anunciar, á fin, alí onde caia:  
Chegou a esvaecer, daá por morta.



VII.-

Eu padezo de andar coma unha toupa,  
coma as agullas dun reloxo antigo,  
coma un remorso no que non consigo  
máis que encravarme pola súa gadoupa.

Eu sufro de habitar <sup>la</sup> mesma roupa  
transcurrida de ollos na que vivo  
sen man de min, nin folgos, nin abrigo  
no remenxer do aire que me estoupa.

E río no arredor da mágoa lenta,  
transferible de espiñas que me prenden  
na pel máis impinxida e máis noxenta.  
E sorrió ás gadoupas que me ofenden  
ben segura na lorda desta afrenta  
de que son das que rín se non comprenden.

VIII.-

Que procurades mornas e proscritas,  
que me asulagaredes nesta enchente,  
bastardas desta mágoa tan presente,  
bágoas letais nalgunha fada escritas;

pranto que me aconteces e me habitas,  
irmán da noite, fillo dun abrente  
enxurrado de sombras e de xente  
que tanto teima onde ti transitas.



Bágoas premidas, teimosas, fondías,  
inutilmente miñas nas fonduras,  
nas impávidas pálpebras, nas pías  
onde esbagoarse cómpre e ten farturas;  
¿por tan só chorar ten garantías  
e só as bágoas son, á fin, seguras.

IX.-

Este esquecer escuro pola masa,  
máis que biopsia precisa auditoría  
nas sucursais do sangue, na ardentía  
que vai merando a carne que traspasa.

Toda terapia aquí fende e abrasa  
cada eiba que aguza e reenvía  
a outra máis ruín e posta ó día  
no almidón dun sangue que fracasa.

Logo, ¿como será o mirar finchado  
que declare esa laña irreversible?  
¿Como o anestesiarse lento e terrible  
no aséptico pingar amodorrado?  
¿E quen, con que dicir dará baixado  
as pálpebras dun auga impredecible?



X.-

Non hai volta que dar nesta parada,  
este punto non ten atoamento;  
son só as contraccións por un momento  
dalgún parir de ámbar pola estrada.

Estás enxoita aínda, máis que nada  
a noite seca e soa no alento  
ten un rachar de augas e un vento  
que volve a intermitencia acerrollada.

Esa placenta tiña a súa hora  
nese semáforo onde todo chega  
ó infindo de agora tocar porto.  
E as bucinas e o mundo quedan fóra.  
Nada máis diante, só o rabo de pega  
que neste auto marca o punto morto